

INFORMACIÓN PROBAS LIBRES CICLO CONDUCCIÓN DE ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS NO MEDIO NATURAL SETEMBRO 2021

Tendo en conta o establecido na Resolución do 29 de marzo de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se convocan probas libres de títulos extinguidos dos establecidos ao abeiro da Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, procédese a informar da estrutura da proba, o procedemento e os criterios de avaliación para os módulos de Formación e Orientación Laboral e de Administración, xestión e comercialización na pequena empresa.

MÓDULO DE FORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL

Estrutura da proba e procedemento

Consistirá nunha proba escrita, cunha parte teórica sobre os contidos mínimos que se concretan na programación didáctica, e outra parte práctica na que haberá que elaborar unha nómina sinxela. Os tipos de cotización do traballador e da empresa serán facilitados. Para a parte práctica só se permitirá usar unha calculadora sen capacidade de programación e sen capacidade gráfica.

Criterios de avaliación

A parte teórica da proba representará un 80% da cualificación final e a parte práctica un 20 %. A proba considerárase superada cunha cualificación de 5 sobre 10.

Os contidos mínimos esixibles que constan na programación didáctica son os seguintes:

- Normas fundamentais do Dereito Laboral.
- Contrato de traballo : modalidades de contratación.
- Causas e efectos da modificación, suspensión e extinción da relación laboral.
- Prestacións da Seguridade Social.
- Representantes dos traballadores.
- Concepto e clases de salario.
- A xornada de traballo.
- Elaboración dunha nómina.
- Autoorientación profesional.
- Proceso de búsqueda de emprego.
- Redacción de cartas de presentación e currículums vitae.
- A saúde e as condicións de traballo.
- Seguridade e prevención de riscos laborais.